

obstáculos para que esta poida ser recoñecida en España e inscribirse no rexistro con tódolos efectos derivados desta inscrición.

Artigo único.

Engádesse un parágrafo final ó punto 5 do artigo 9 do Código civil co seguinte texto:

«A atribución pola lei estranxeira dun dereito de revogación da adopción non impedirá o recoñecemento desta se se renuncia a tal dereito en documento público ou por comparecencia ante o encargado do Rexistro Civil.»

Disposición transitoria única.

O disposto nesta lei será tamén de aplicación ás adopcións constituídas con anterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11196 *LEI 19/1999, do 18 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 6.479.998.329 pesetas, para compensa-lo déficit de explotación das liñas de Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE), correspondente ó exercicio de 1996. («BOE» 119, do 19-5-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario está destinado a completa-lo déficit de explotación dos Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE) do exercicio 1996, na medida en que o citado déficit foi superior ás subvencións de explotación percibidas pola entidade durante o dito exercicio.

O Decreto 584/1974, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Estatuto de ferrocarriles de vía estrecha (FEVE), no título VI do Estatuto regula o réxime financeiro da compañía, establecendo o artigo 58 que, se ó final do exercicio fose innecesaria a aplicación da totalidade dos créditos consignados no orzamento do Estado destinados a esta entidade, reintegrarase a diferenza ó Tesouro. Se, polo contrario, os créditos resultasen insuficientes segundo a liquidación de explotación, o Goberno xestionará o oportuno expediente de suplemento de crédito.

Polo tanto, co obxecto de completa-lo déficit de explotación do exercicio 1996, tramítase o presente crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 6.479.998.329 pesetas á sección 17 «Ministerio de Fomento», Servicio 20 «Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes», programa 513B «Subvencións e apoio ó transporte terrestre», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 44 «A empresas públicas e outros entes públicos», concepto 444 «A FEVE, para compensa-lo déficit de explotación correspondente ó exercicio de 1996».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de maio de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

11197 *LEI 20/1999, do 18 de maio, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 12.355.000.000 de pesetas, para a realización de obras de infraestrutura do Ferrocarril Metropolitano de Valencia, segundo convenio entre o Estado e a Comunidade Valenciana. («BOE» 119, do 19-5-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxecto do crédito extraordinario é financia-la realización de obras de infraestrutura do Ferrocarril Metropolitano de Valencia, segundo o convenio entre o Estado e a Comunidade Valenciana.

O dito convenio recolle un conxunto de actuacións nas liñas 3, 4 e 5 da rede do Ferrocarril Metropolitano de Valencia. Estes investimentos considéranse idóneos para seren cofinanciados pola Administración xeral do Estado xa que melloran a integración das redes de ferrocarril metropolitano coas redes de arredores e potencian o transporte colectivo no ámbito urbano e na rexión metropolitana de Valencia.

No convenio establécense as achegas destinadas a financia-los investimentos de infraestrutura ferroviaria